

**Acta número 12/2006, da Mesa Xeral extraordinaria de Negociación da Comunidade Autónoma.**

## **Asistentes:**

### **POLA ADMINISTRACIÓN.**

**Presidente**

María del Mar Rodríguez Fernández

**Secretario**

Víctor Gallego Víncent

**Presidencia da Xunta de Galicia**

Gumersindo Guinarte Cabada

**C.Presidencia, administracións públicas e xustiza**

Beatriz Rodríguez Fraga

José Manuel Maceira Caldelas

**Consellería de Economía e Facenda**

María Blanco Aller

María Dolores Rodríguez Amaya

**C. de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte**

María Chas de la Calle

**C. Educación e Ordenación Universitaria**

José Luis Canosa Baldomir

Marina García Valeiras

**C. do Medio Rural**

Eleutino Álvarez Álvarez

**C. Cultura e Deporte**

Miguel Ares Casal

**C. de Sanidade**

José M. Ferreiro Fernández

**C. Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.**

María Lourdes Batán Aira

**C.Traballo**

Víctor Tubio Vilar

**C. de Vivenda e Solo**

Rosa Losada Suárez

Natalia Cadiñanos Pérez

Jorge Picouto Delgado

**Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar**

Ramón del Valle López

Manuela Guillán de Dios

## POLAS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS

<b>CIG</b>	Alexandre Prieto Giraldez Manuel Gallardo Canitrot Xesús Tarrío Picón
<b>UGT</b>	Rosario Valledor Puente Miguel Ángel Dono Gómez.
<b>CSI-CSIF</b>	Carmen Piñeiro Lampón Carmen Noya Castro Álvaro Fernández Baamonde.
<b>CC.OO</b>	José Emilio Do Forno Guzmán Pedro Méndez Gil Luisa Lago Alsina

En Santiago de Compostela, sendo as doce horas do día once de decembro do ano dous mil seis, reúnense en sesión extraordinaria, no salón de actos pequeno da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, as persoas relacionadas, membros da Mesa xeral de negociación, segundo a seguinte orde do día:

### **Punto primeiro: Proxecto de modificación da RPT da Presidencia da Xunta de Galicia.**

O secretario xeral da consellería expón:

Que a dita modificación está baseada tanto no Decreto 231/2005 como no 44/2006 e que da RPT houbo unha modificación parcial publicada no DOG o día 17 de xullo de 2006, sendo esta unha modificación completa da mesma.

Agradécelle ás OO.SS a súa participación nas negociacións previas tanto polas súas críticas como polas súas aportacións.

O representante de CIG, como cuestión previa, solicita que se adé a mesa xeral en relación á RPT da Vicepresidencia manifestando que non tiveron tempo dende a convocatoria da presente mesa, realizada hai dous días, a estudar en profundidade a dita RPT. O representante de CCOO manifesta que non houbo reunión previa en relación á mesma. O representante da vicepresidencia manifesta que si a houbo. Remátase a polémica acordando que esta RPT se estudie na vindeira reunión desta mesa xeral que se convocará segundo a directora de función pública a semana que ven, para o cual as partes se citan para reunións previas á mesma.

Continúa a mesa xeral en relación ao punto primeiro da orde do día.

O representante da CIG manifesta:

Que agradece as reunións previas

Que non está de acordo coas seguintes cuestións:

Abuso da licenciatura en dereito para moitos postos do grupo A.

Que se abran postos de traballo á administración local.

Que se abran varios postos a persoal docente e pregunta en algún caso concreto o porqué.

Pregunta as razóns de porqué a sección de análise e documentación é de libre designación, estando en desacordo coa dita forma de provisión.

O mesmo manifesta sobre a provisión das prazas de habilitación mediante libre designación.

Solicita que só se aplique o 5% das prazas para outras administracións, tanto as de concurso como as de libre designación.

O representante de CC.OO manifesta:

Que agradecen as reunións previas, pero que a pesar de todo houbo determinadas cuestións que non se tiveron en conta.

Están en contra de:

A apertura de prazas a docentes.

O diploma de directivo, non estando de acordo tampouco co tratamento dado ao mesmo no informe da dirección xeral de calidade.

Que a sección de análise e documentación sexa de libre designación.

Solicitan que as prazas de L.D. deben ser só abertas nun tanto por cento a outras administracións, pero non todas.

Solicita que a licenciatura en dereito se configure como un mérito pero non como un requisito.

Solicita que a a xefatura de grupo reclasificada sexa unha vacante e non outra ocupada.

A representante de UGT manifesta:

Que non comparte os argumentos que se utilizan nos informes da dirección xeral de calidade entendendo que se empregan os seus argumentos de diferente forma nas distintas modificacións de RPT segundo as consellerías.

Están en desacordo coa provisión de determinadas prazas nivel 25 e inferiores mediante libre designación, así como tamén en apertura de prazas xeral/especial/docente.

En desacordo coa apertura de prazas á administración local.

Solicita que se reclasifique unha praza vacante pero en ningún caso a ocupada, dado que entende

que esto é contrario á normativa e á xurisprudencia.

O representante de CSI-CSIF manifesta:

Que non haxa vaivéns en relación á esixencia do diploma de directivo e que o criterio sexa igual para todos os postos.

Que se debe ter o informe do comité de empresa en relación a amortización da praza de limpadora dos servizos centrais.

Que non están de acordo co abuso da titulación da licenciatura en dereito para determinados postos.

Que están en contra da apertura de postos á administración local.

En contra da reclasificación de postos ocupados, que se faga en postos vacantes.

O secretario xeral responde:

Que agradece as propostas constructivas aínda que despois da negociación non se chegase a un acordo.

Que a licenciatura en dereito para postos dos gabinetes territoriais é para xefaturas de sección da asesoría xurídica entendendo razoable este requisito.

En cuanto á xefatura do gabinete de normalización lingüística, xa estaba aberta a docentes e se suprimiu a esixencia de licenciatura.

Que se manifesta a favor dunha solución marco para o establecemento dun criterio único para o diploma de directivo, non tendo inconveniente en plantexar a súa supresión con carácter xeral.

### **Punto terceiro: proxecto de modificación da RPT da Consellería da Vivenda e Solo.**

A secretaría xeral da consellería fai un resumo da documentación entregada xunto coa convocatoria da presente reunión, manifestando que houbo reunións previas coas organizacións sindicais.

O representante da CIG manifesta:

Felicita a consellería polo éxito acadado na negociación nas reunións previas.

Fai unha crítica da dirección xeral de calidade e avaliación de políticas públicas e os informes desta que acompañan as modificacións das RPTs.

Está en contra de que existan dúas habilitacións nalgunha delegación da consellería, entendendo que os postos de xefe de negociado en ningún caso deben ser provistos mediante libre desigación.

Que en determinadas delegacións só hai un conductor e noutras dous e pregunta a que é debido isto.

O representante de CC.OO manifesta:

Que agradece as reunións previas.

Que piden un criterio común en cuanto ao diploma de directivo e que as prazas inferiores ao nivel 28 sexan por concurso.

Pregunta sobre a titulación distinta en servizos centrais e periféricos dos inspectores de vivenda.

Piden que o posto secretario/a do xerente sexa por concurso e non de libre designación.

Piden que se cree na consellería a praza de porteiro maior e maniféstanse en contra da esixencia do permiso de conducir como requisito dos postos que non vaia aparelado a uns incrementos económicos do posto de traballo.

En contra da sección na dirección técnica de construcións, que se mantén de libre designación, despois de intentar cambiala a concurso coa coetilla vacante non.

Na subdirección de fomento pide que se modifique a denominación dunhas prazas segundo lle manifestaron os propios empregados desa unidade.

Solicita que se explique a situación de LD da praza da oficina técnica de Pontevedra ocupada en comisión de servizo dende hai tempo.

A representante de UGT manifesta:

Que agradece as reunións previas.

Que non lle cadran os informes da dirección de calidade e da dirección de orzamentos.

Que falta o informe dos representantes dos traballadores en canto á amortización das prazas.

Que abundan as prazas singularizadas sen que exista unha xustificación actual para ilo.

Que os conductores de altos cargos do grupo III non deben ser reemplazados polos do grupo IV, entendendo que estes teñen que cobrar os servizos que prestan.

O representante de CSI-CSIF manifesta:

Que ao seu entender, faltan prazas no anexo I e que polo tanto se revisen estas.

Que se actualice a denominación das titulacións.

Que falta o comité de empresa en relación ás amortizacións.

O representante da dirección xeral de calidade manifesta:

Que en canto á esixencia do diploma de directivos non se recibiu unha orde escrita da comisión de secretarios xerais o día que este tema se tratou quedando ao seu entender, segundo se transmitiu verbalmente, a criterio das distintas secretarías xerais a súa supresión ou non do mesmo.

Que en canto ao aboamento polo permiso de conducir pola dirección xeral de calidade incide o informe da dirección xeral de orzamentos.

A secretaria xeral de vivenda manifesta:

Que agradece a colaboración prestada na negociación por todas as OO.SS.

Que o vindeiro ano se modificará a RPT e se abordarán seguramente cuestións plantexadas e non resoltas nesta RPT.

Que en Ourense hai dous conductores, un para o delegado provincial e outro que acompaña aos

funcionarios da delegación no seu traballo de campo.

Que os inspectores de vivenda de servizos centrais son un reforzo dos das distintas provincias e de ahí que se lles esixan distintos requisitos.

Que o xefe da oficina técnica de Pontevedra regularizárase cando se publique a RPT e se regularice a situación do titular da praza.

**Punto cuarto: Proxecto de modificación da RPT da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.**

A representante da consellería fai un resumo da documentación entregada xunto coa convocatoria da presente reunión manifestando que non hai amortización de prazas e se crean tres postos de xefatura de sección e dous de negociado.

O representante da CIG manifesta:

Que están en contra da amortización de prazas que nunca se chegaron a crear dado que son necesarios na consellería maxime cuando se están utilizando asistencias técnicas.

Que se retire a apertura das prazas a docentes.

Que se debe retribuír os condutores que fan o seu traballo pero que entende que os postos deben crearse para o grupo III.63.

O representante de CC.OO manifesta:

Que están de acordo coa modificación, non obstante que o persoal debe cobrar polas funcións que desenvolve e que as prazas de condutores en todo caso deben ser do grupo III do convenio.

A representante de UGT manifesta:

Que mantén que os postos de condutores deben ser do III.63 e non do IV.16..

O representante de CSI-CSIF manifesta:

Que o posto de subdirector que non se abra a docente.

O representante da consellería expón que neste momento é imposible configurar as prazas de condutores do grupo III e agradece as organizacións sindicais a súa colaboración e achegas.

E sen máis asuntos que tratar levántase a sesión ás catorce horas e dez minutos do día sinalado supra.

**VISTO E PRACE**

PRESIDENTE

**DOU FE**

SECRETARIO

Asdo.: M<sup>a</sup> del Mar Rodríguez Fernández. Asdo. Víctor Gallego Víncent.